

## Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)

En Santiago de Compostela, a 6 de maio de 2026

### REUNIDOS

Dunha parte, Don ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Dona **MARÍA ROSA ÁLVAREZ PRADA**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (en diante, o Colexio), en nome e representación desta entidade, con CIF Q-1500265B e sede na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos do Colexio, aprobados polo Decreto 46/2021, do 4 de marzo, da Xunta de Galicia (DOG do 22 de marzo), así como polo Decreto 120/2000, do 19 de maio, polo que se constitúe o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



## EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e alumnado con necesidades educativas especiais nos que se sitúa o alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e/ou emocional...) ou de historia escolar.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requirao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do

Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira”.

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que “Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais (malestar psicolóxico e /ou emocional...) ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que na Lei orgánica 2/2006, de educación, recoñécese, no artigo 1, ao profesorado como un factor fundamental da calidade do sistema educativo, defínense as súas funcións docentes, titoriais e de orientación no artigo 91, e establécese a obrigaón das administracións educativas de garantir a súa formación permanente no artigo 102 e de adoptar medidas de apoio ao profesorado no exercicio da función docente no artigo 105.

6. Que o Colexio Oficial de Psicología de Galicia (COPG) é unha corporación de dereito público que ten como finalidades entre outras:

a) O ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo ou psicóloga en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva dela e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas cando estean suxeitas a colexiación obrigatoria.

b) Vixiar o exercicio da profesión, facilitar o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten a profesión de psicólogo ou psicóloga, e facer cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do psicólogo e da psicóloga, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas; para iso promoverá a súa formación e perfeccionamento e cooperará na mellora dos estudos

  


XUNTA DE GALICIA  
CONSELLEIRO DE CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
O CONSELLEIRO

universitarios da Psicología.

c) Fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

d) Impulsar e desenvolver a mediación, facilitando o acceso e administración desta, incluída a designación de mediadores no caso de constituírse o Colexio como institución de mediación de conformidade co disposto na lexislación vixente.

e) A defensa dos consumidores e usuarios dos servizos dos profesionais da psicología.

7. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

8.- Que no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa de Galicia, concrétese o recoñecemento do profesorado como autoridade pública e regúlanse as medidas de protección e apoio institucional, establecendo actuacións para a prevención e xestión de conflitos, así como mecanismos de intervención e asesoramento ante situacións que afecten o exercicio da función docente.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e /ou emocional...) ou de historia escolar.

En consecuencia, a Consellería e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia acordan subscribir este convenio conforme as seguintes



## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e/ou emocional...) ou de historia escolar así como en medidas orientadas ao asesoramento do profesorado no exercicio da súa función docente.

### **Segunda.** *Ámbito de aplicación*

O presente convenio será de aplicación en todos os centros educativos sostidos con fondos públicos do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Terceira.** *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e/ou emocional...) ou de historia escolar de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Asemade serán persoas beneficiarias o profesorado que se atope en situación de vulnerabilidade debido a situacións que poidan afectar o seu benestar emocional e ao axeitado exercicio da función docente, contribuíndo á prevención, detección e abordaxe de dificultades de carácter psicolóxico derivadas do desempeño profesional.

### **Cuarta.** *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) nas

accións relativas á promoción da saúde mental no ámbito educativo, á detección precoz e á prevención de problemas psicolóxicos e/ou emocionais no alumnado así como ao autocoidado e a prevención do estrés profesional do profesorado.

2. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado con que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

A solicitude de colaboración do persoal profesional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) debe realizarse por parte do centro docente ou por parte dos servizos centrais da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e/ou emocional...) ou de historia escolar nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais (malestar psicolóxico e/ou emocional...) ou de historia escolar.

3. A Consellería e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas á importancia da saúde mental no ámbito educativo, así como dos factores de risco e protección asociados ao desenvolvemento psicolóxico do alumnado.

4. A Consellería e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) colaborarán naquelas medidas orientadas a asesorar, informar, amparar e protexer aos docentes xestionadas a través da Oficina de Apoio ao Profesorado.

5. A Consellería e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) colaborarán, cando así o soliciten os centros educativos, na atención e acompañamento en situacións de dó na comunidade educativa, proporcionando apoio técnico,

materiais e orientacións para a intervención con alumnado, profesorado e familias.

**Quinta. Financiamento**

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

**Sexta. Relacións laborais**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

**Sétima. Comisión de seguimento**

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector

público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Oitava.** *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

#### **Novena.** *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

#### **Décima.** *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia

e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

#### **Décima primeira. Resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- *A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.*

#### **Décimo segunda. Vixencia**

A vixencia do presente convenio será de catro (4) anos, contados a partir da data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

#### **Décimo terceira. Modificación do convenio**

O contido do convenio poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Décimo cuarta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asíñase polas partes no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL,



O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLO COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG),

A DECANA,

María Rosa Álvarez Prada